



MODELO SILVÍCOLA	XFAS (xestión de frondosas por rareo sucesivo)
ESPECIE:	Masas (principalmente xénero <i>Quercus spp</i>) consolidadas de frondosas autóctonas e outras formacións de frondosas.
OBXECTIVO:	Persistencia, produción múltiple e conservación da biodiversidade nas masas consolidadas de frondosas autóctonas mediante tratamento de rareo sucesivo.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

REXENERACIÓN	
Densidades	Formacións procedentes de rexeneración natural (>3.000 plantas/ha). De forma extraordinaria, completada por sementeira ou plantación a unha densidade de 1.500 pés/ha. Método de beneficio de monte alto.
Mantemento	Rozas selectivas nos bosquetes en rexeneración, a modo de axuda á rexeneración natural ata a etapa de monte bravo. Rozas perimetrais con zonas de matogueira para facilitar rexeneración e reducir o risco de incendio forestal. En estados de bastío e alto fuste, evitárase a redución de diversidade do sotobosque por aplicación de roza, salvo rozas de especies heliófilas en áreas de ecotono con matogueiras.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	En xeral non serán necesarias. Posible aplicación de poda de formación, poda baixa e poda alta ata 5 m dun número reducido de árbores por ha.
Desmestas	En masas que proveñen de rexeneración natural realizarase unha desmesta na idade de repoboado ou monte bravo a fin de conseguir unha densidade entre 1.000 e 1.500 pés/ha. Na desmesta eliminaranse os pés de coníferas ou de eucaliptos.
Rareas	De 3 a 6 rareas de intensidade baixa ou moderada; en número axeitado á especie principal. Respectaranse algúns pés mortos por hectárea que non supoñan risco fitosanitario para o resto da masa e eliminaranse os pés de coníferas ou de eucaliptos. Recoméndase chegar a unha densidade previa ás cortas de rexeneración de entre 300 e 500 pés/ha.

CORTAS DE REXENERACIÓN E CONSERVACIÓN DE HÁBITATS	
Conservación de hábitats	Asegurárase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade. Dentro de Rede natura 2000, estarase ao indicado no Plan Director da mesma.
Idade de corta	Non é necesario fixar unha quenda por non buscarse un sistema de xestión rotacional, senón de cuberta forestal continua. Reservaranse árbores á corta, distribuídos tanto individualmente como en grupos.
Cortas de rexeneración	Cortas de rareo sucesivo con período de rexeneración mínimo de 20 anos, aplicadas por bosquetes ou por faixas, sen que chegue nunca a producirse o apeo completo de ningún rodal. Posibilidade de reserva de pés sen cortar, individualmente ou en grupos.

